

# De setembro a setembro (2021-22)

## Actividades da Asociación Cedofeita.

Neste pasado período o desenvolvemento das actividades da nosa asociación tivo un andar paseniño polo devalo da pandemia da covid-19. Levamos a cabo certas actividades atendendo a situación sanitaria coas axeitadas precaucións e protocolos establecidos, das que falaremos de contado. A nosa intención segue sendo realizar os actos que tiñamos programados en maio do 2020, para festexar o XXV aniversario da Asociación e que quedaron adiados por mor da pandemia.

### Venres culturais

Presentación do número 24 da revista e do libro “Historia de Lerez. Unha ollada desde Cedofeita”



O xoves 7 de outubro, as 19,30 h, no edificio Castelao do Museo de Pontevedra fixemos a presentación do libro “Historia de Lerez. Unha ollada desde Cedofeita” -realizamos unha primeira no mosteiro de Lerez o 27 de agosto co gallo da exposición “25 anos de historia (1995-2020)- e igualmente do número 24 da nosa revista, coa sala completa malia a necesidade de inscrición previa. O director do museo de Pontevedra, José Manuel Rey García, fixo a presentación do acto e deu os parabéns ao traballo da nosa

asociación, a continuación falou Xosé Álvarez Castro, un dos coordinadores do libro, sobre a asociación e a elaboración da publicación, M<sup>a</sup> Carmen Pereira Pazos falou verbo dos contidos máis sobranceiros da publicación, rematando o secretario da asociación, Xosé Luís Estévez Solla, sobre os artigos da revista.

A *Historia de Lerez*, prologada por Fina Casallerrey, é unha obra colectiva na que participaron dezanove autores, cuxa edición foi patrocinada polo Concello de Pontevedra. Naceu coa idea de recoller as informacións sobre a nosa parroquia a partir dos textos publicados pola nosa revista, e ofrecela aos nosos asociados e outras entidades na conmemoración do XXV aniversario da nosa asociación. O libro traiza unha panorámica, documentada e rigorosa, dende os restos castrexos e romanos, o medievo –en especial sobre o castelo de Cedofeita e o mosteiro: fundación, feitos destacables, historia e economía, exclaustración...- e unha ollada á contemporaneidade –o decorrer asociativo da parroquia, os moínantes, a masonería, a represión, os tranvías e trolebuses, a defensa das Xunqueira, a recuperación do local de Juventud Lerezana, entre outras– pechando o libro coa breve biografía dunha decena de persoeiros da parroquia ou integrados nela.

A revista *Cedofeita* (número 24) recolle unha serie de colaboracións nas que se tratan variados temas. Sobre a exposición de agosto polo san Salvador -ese ano “*Cedofeita, 25 anos de historia (1995-2020)*”-, e coas colaboracións de Guillermo Campos, *O Lerez que xungue, que murmura, mirada próxima a un río tímido, escasamente tabernario*; A. Mumarý, *Heráldica de Pontevedra (IV)*; Milagros Bará, *O milagre de san Bieito e outros acontecementos*; Xosé Álvarez *O que nos contan as contas*, José M. Ramos, *Pontevedra literaria. Murguía versus Muruais*; José Raposeiras, *A música no berce do Lerez: pegadas que xamais se esquecen*; A. Sánchez Cidrás, *Os nenos da guerra de Bueu*; Loli Beloso, *Isaac Díaz Pardo e Carmen Arias de Castro. Lindas estrelas de Galicia*; Novos cultivos, X. Álvarez, *O aguacate*; o humor de J.M. Castro; Mateo Fontán, *Ufarte, unha figura do fútbol que comezou a xogar no Petit Lerez*; De conversa, *Aderita, a centenaria de Couso*; Vera-Cruz Montoto, *Soberanía alimentaria*; colectivo, *En lembranza de César Gil Dovalo, máis coñecido por Sero Molinero*; Xaime Iglesias, *A feble saúde do galego, ten remedio?*; co remate do resumo das actividades realizadas no ano.

29 de abril.

## Audiovisual ACORDA.

Ese venres de abril retomamos as actividades culturais, despois da obrigada pausa derivada pola afectación da covid-19, coa proxección da audiovisual ACORDA, cedido polo Departamento de Memoria Histórica da Deputación de Pontevedra, dentro do programa *O pasado por vir*. Nel danse a coñecer lugares e feitos singulares da memoria histórica da provincia de Pontevedra, a través da música con intervención de figuras da música galega como –Uxía Senlle, Uxía Pedreira, Marina Oural, Emilio Rúa, Silvia Penide, Sheila Patricia Ezetaerre, e Tanxugueiras entre outras. Os escenarios escollidos para estas actuacións son testemuñas da represión, na que se inclúen asasinatos, durante o franquismo. Entre eles cabe destacar a antiga Escola Normal de Pontevedra, cárcere nos tempos iniciais da ditadura, e a Illa de San Simón, campo de concentración e gran símbolo da memoria e da solidariedade en Galicia, na reclamación para que sexa proclamada Illa da Memoria.

No acto contabamos coa presentación por Uxía Senlle, que non poido asistir. Tamén a asistencia non foi a esperada coma noutros actos.



27 de maio.

## Presentación do libro "Os anos do Silencio"

O venres 27 de maio as oito e media do serán tivo lugar a presentación do libro de Xosé Álvarez Castro (Pepe) "*Os anos do silencio. Represión e resistencia na provincia de Pontevedra (1936-1951)*". Presentouno M<sup>a</sup> Carmen Pereira Pazos que fixo un cálido relatorio sobre a súa biografía –mestre, licenciado en Xeografía e Historia, máster en Ed. Ambiental, activista no asociacionismo social e cultural, de renovación pedagóxica...-, autor de

múltiples artigos sobre historia, medio ambiente, didáctica e do blog *anosdomedo.blogspot.com*, así como colaborador de *Nos Diario*. É coautor de *Os nomes do terror. Galiza 1936: os verdugos que nunca existiron, Rebeldía galega contra a inxustiza, O pasado por vir e Historia de Lárez*. A Fundación Alexandre Bóveda concedeulle, en 2011, o *VI Premio Día da Galiza Mártir*. Coas publicacións *Pontevedra nos anos do medo* (2013) e a actual, *Os anos do silencio*, que complementa o libro anterior, *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936-1939)* revélase como un rigoroso investigador. No libro as súas investigacións chegan ata a década de 1950 e abrangue toda a provincia de Pontevedra. Nela analiza a represión empregada polo franquismo contra a oposición política, as mulleres, os docentes, a masonería, así como a incautacións de bens. Ademais, afonda nas formas, composición e actuacións da resistencia contra o réxime ditatorial, tanto a través de organizacións políticas clandestinas como de distintos grupos da guerrilla, así como as estratexias empregadas polas autoridades franquistas para combatelas.

A intervención do autor fixo principal fincapé en feitos relacionados con Lárez; ao remate da charla houbo un intercambio de informacións con Pepe, cun auditorio cheo, que por mor do horario, moitas preguntas coidamos que quedaron sen poder facerse.



## Asembleas ordinaria e extraordinaria

No serán do luns 21 de marzo deste 2022 celebráronse as asembleas xerais ordinaria e extraordinaria que quedaran adiadas por mor da pandemia, nos anos 2020 e 2021, na Casa da Cultura de Lárez no que temos a nosa sede. Na ordinaria seguindo a orde do día: lectura da acta da sesión anterior, que foi aprobada por unanimidade; memoria de actividades realizadas -reducidas pola pandemia-; memoria de actividades para o ano 2022;

estado de contas e orzamento; rogos e preguntas. A continuación celebrouse a asemblea xeral extraordinaria de acordo co único punto “Elección de Xunta Directiva” que quedou composta por: Xaime Iglesias González (presidente), M<sup>a</sup> Carmen Pereira Pazos (vicepresidenta), Xosé Luis Estévez Solla (secretario), José Manuel Castro Méndez (tesoureiro), e os vogais: Xosé Álvarez Castro, Jaime Barreiro Montes, Eva Cochón Moledo, M<sup>a</sup> José Donsión Couselo, Elisa M<sup>a</sup> García Muiños, José Grandal Sanjorge, José Quinteiro Piñeiro, M<sup>a</sup> Dolores Tobío Iglesias e Antonio Vázquez Iglesias. O desenvolvemento de ambas entrou dentro do cotiá, contando coa asistencia dun número significativo de socios e socias.

### Roteiro, Polas beiras do Lérez



O domingo 22 de maio a Asociación Sociocultural Cedofeita organizou un roteiro, o primeiro despois deste dous anos de pandemia, *Polas beira do Lérez*. A saída foi as dez da mañá do mosteiro de Lérez, coa intención de facer un percorrido circular indo pola beira dereita do río ata o encoro de Bora, e volver por baixo da Itv cara a beira esquerda pola senda máis doada de andar arranxada polo Concello. O terreo húmido e probable chuvia, fíxonos ir ata as pontes e vellos muiños de Couso e refacer o percorrido pola beira esquerda, pero iso si, chegando

ata o *peto de ánimas* do Almofrei no encoro de Bora. A asistencia foi dunhas vinte e cinco persoas, serviu para falar dos ríos Couso e Lérez, dos seus muiños, cantigas e regueifas, os cotos salmoneiros, da captura das lampreas, do antigo Balneario Augas do Lérez, e da flora máis salientable durante a nosa andaina.

### Exposición. *Escenas nos camiños. Vías de comunicación de Lérez.*



Este ano a tradicional exposición de agosto, facía xa o número 27, e trataba de ofrecer unha visión das vías de comunicación lerezás dende dúas vertentes: dunha reflectiamos o respectivo contexto histórico dos camiños, estradas e outras redes viarias, e pola outra amosábanse imaxes que tiñan esas vías como escenario.

En doce paneis que compoñían a mostra, podían verse imaxes dende a calzada romana da Gándara ata as últimas como a avenida de Compostela ou a ponte *Da palabra* que xungue Lérez con Monte Porreiro, xuntamente con estampas que, en moitos casos, evocan costumes hoxe desaparecidos. Porque, os camiños, ademais da súa importancia económica, foron, se cadra aínda son, escenario de diversión, lecer, devoción e namoro. O marco da mostra era, como de costume, as dependencias do mosteiro de Lérez, estivo aberta do día 5 ata o 11 de agosto do ano que andamos. Recibiu gran cantidade de visitas, en especial de maiores, que trataban de recoñecer algún parente ou coñecido lembrando vivencias daqueles tempos.



**Historia, cultura y un brindis**  
 Lérez. La Asociación Cedofeita presentará ayer 'Historia de Lérez. Unha ollada desde Cedofeita'.



La Asociación Cedofeita presentará 'Historia de Lérez' en el Museo del Edificio Castrelo de Pontevedra...

**Lérez,**

DE PONTEVEDRA SÁBADO 28 DE MAYO DE 2022

**GENTE A DIARIO**



Presentación Os anos do silencio. Xosé Álvarez Castro levou su libro Os anos do silencio a la Casa de Cultura de Lérez. RAFA FARINA

**exposición 'Escenas nos camiños', impulsada**

la mañana de ayer con una nutrida representación de la Corporación municipal. Estuvieron los ediles nacionalistas Alberto Oubiña y Pilar Comesaña, el 'popular' Martín Martínez y los socialistas Tino Fernández -alcalde accidental-

JUEVES 26 DE MAYO DE 2022

**AXENDA**



Presentación do libro 'Os anos do silencio' Lérez. 'Os anos do silencio. Represión e resistencia na provincia de Pontevedra (1936-1951)' é o título do libro de Xosé Álvarez Castro que a asociación Cedofeita presentará mañá venres na Casa de Cultura de Lérez.

Juan Bautista Andrade, o médico Enrique Ballina, o bibliófilo Antonio Odrizola ou o polifacético Valentín Paz Andrade, entre outros, que completan unhas páxinas que acariñan unha historia non sempre sinxela de vivir e tamén de recuperar e escribir, de aí o mérito de todos os que coordinan e asinan o resultado

Páxinas que acariñan unha historia non sempre sinxela

un libro que promova mellorabel unhas bondades, como un feita. Fina Casalderrey porta cara un te císaba poñer a tía, irrenunci construímos coñecer os o poeta M nunhas como p lato a e mem a luz é o tr

DIARIO DE PONTEVEDRA | jueves, 7 de octubre de 2021

**Historia do Lérez**  
 ▶ A asociación sociocultural Cedofeita presentará hoxe, no edificio Castrelo do Museo de Pontevedra, a publicación 'Historia de Lérez'. A obra, patrocinada polo Concello de Pontevedra, conta cun prólogo da académica Fina Casalderrey e coa participación de 19 autores de prestixio.  
 Museo de Pontevedra. 19.30.

yo del 2022 • La Voz de PONTEVEDRA

**PONTEVEDRA Cedofeita organiza este domingo un roteiro polas beiras do Lérez**  
 A Asociación Sociocultural Cedofeita organiza o vindeiro domingo un roteiro polas beiras do Lérez. A saída será ás 10 horas do mosteiro de Lérez e facer un percorrido de 10 quilómetros e cunha duración de aproximadamente 2 horas. O itinerario pola marxe do río Lérez...



**Cedofeita percorre nun libro a 'Historia de Lérez' desde a prehistoria ata os nosos días**  
 ▶ A obra, na que participaron 19 autores e cuxa edición está patrocinada polo Concello, vai ser presentada hoxe no Edificio Castrelo do Museo de Pontevedra.

glio, que no Museo Casaleiro...  
 Para adiantar a todos estes detalles, no libro, Cedofeita presenta unhas páxinas para todos os públicos, desde os máis pequenos até os máis vellos. O libro é un produto da asociación, que se vende a un prezo de 10 euros. O libro é un produto da asociación, que se vende a un prezo de 10 euros.

Sábado, 6 de agosto del 2022

**Pontevedra O mosteiro de Lérez a evolución das estradas**

Escenas nos camiños. Vías de comunicación de Lérez é o título da exposición que esta asociación inaugura no mosteiro de Lérez. A mostra ofrece unhas vías de comunicación dende dúas décadas atrás. Por un lado, sitúanse no contexto histórico do mosteiro, outro, amósanse imaxes que recollen...



A exposición. R. LEIRO